

# O centroatlanTTic pon en marcha un ciclo de almozos arredor da tecnoloxía: *A cup of TTic*

luns, 15 de abril do 2024 / S. P.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación, **atlanTTic**, da Universidade de Vigo, inaugurou este 11 de abril un ciclo de *almorzos-networking* denominado *A cup of TTic*, cuxo obxectivo é constituírse como “un punto de encontro relaxado, inspirador e dinámico onde o persoal investigador poida presentar e dar a coñecer a súa investigación, compartir inquietudes e explorar posíbeis colaboracións”.

Neste primeiro encontro os investigadores do centro Alberto Estévez Caldas e Rubén Pérez Vaz presentaron ás persoas asistentes o proxecto de proba de concepto *edgeContinuum*, financiado polo programa IGNICIA da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Estas sesións matinais celebraranse de xeito periódico e están abertas a todo o persoal investigador do centro, e o formato inclúe a presentación dun proxecto de investigación e un tempo adicado ao almuerzo e á conversa.

A segunda sesión de *A cup of TTic* será o vindeiro 29 de abril e

contará coa presentación do investigador José Manuel Ramírez Sánchez, que falará sobre os proxectos COPERIA e VISIA, dentro da liña de investigación sobre detección de desordes neurolóxicos usando tecnoloxías multimedia.



0 comments

Ordenar por:

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE

dinahos  
hospeda este esp



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



- Metaversos. Enfoque GaiásTech
- O Diario Oficial de Galicia hoxe a ampliación de solicitar os bonos de decembro
- A Xunta destaca a importancia da concienciación dixital no territorio conectado

